

de normas elaborados como consecuencia do establecido neste punto, antes da aprobación delas.

3. Sen prexuízo das competencias normativas da Comunidade Autónoma no imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos, para colaborar na necesaria homoxeneidade dos procedementos de xestión, liquidación, inspección e recadación, o Estado, de acordo coas comunidades autónomas, poderá establecer con carácter supletorio os aspectos esenciais que deben configurar estes procedementos.

Así mesmo, para facilita-la adecuada aplicación do imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos, a Administración tributaria do Estado, logo de acordo coas correspondentes comunidades autónomas, poderá realiza-las actuacións de inspección en relación con suxeitos pasivos que realicen operacións no ámbito de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio da cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.*

A cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos produce efectos desde o 1 de xaneiro de 2002, se ben as funcións inherentes á xestión deles continuarán sendo exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ata que non se proceda, por instancia da Comunidade Autónoma, ó traspaso dos servicios adscritos ós ditos Tributos.

Disposición derogatoria única.

Desde o 1 de xaneiro de 2002 queda derogada a Lei 36/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidad Valenciana e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2002.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

13004 LEI 25/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Aragón e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión. («BOE» 157, do 2-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española dispón, no seu artigo 156.1, que as comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias, consonte os principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre tódolos españois; é dicir, recoñece a necesidade de que os devanditos entes territoriais conten con recursos propios para faceren efectivas as súas respectivas competencias como consecuencia da propia configuración do Estado das autonomías. Así, entre os recursos antes citados, encóntranse os impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado tal e como, expresamente, recolle o artigo 157.1.a) do texto constitucional; co mandato, ademais, dunha regulación, mediante lei orgánica, do exercicio das competencias que recolle o punto 1 do artigo 157 citado.

Constitúe, por tanto, a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA) —recentemente modificada pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas—, o marco orgánico xeral polo que se rexerá o réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas. Na modificación efectuada na LOFCA incorporouse un novo catálogo de tributos susceptibles de cesión que, se ben non produce variación respecto ós tributos xa cedidos, si produce, sen embargo, unha importante innovación ó retirar aquelas referencias xenéricas á «imposición xeral sobre as vendas na súa fase retalista» e ós «impostos sobre consumos específicos na súa fase retalista, agás os recadados mediante monopolios fiscais»; catálogo no que xa figura o novo imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. Deste xeito a LOFCA incorporou, no seu corpo legal, o Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2001, o cal aprobou un novo sistema de financiamento autonómico que incide substancialmente no réxime xeral de cesión de tributos.

Ademais, ese marco orgánico xeral viuse completado coa promulgación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, derogando as ata o de agora vixentes Lei 30/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas —expresamente aplicable ás comunidades autónomas de Andalucía, Extremadura e Castilla-La Mancha—, e Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, pero derogación que quedará sen efecto para aquelas comunidades autónomas que non cumpran os requisitos do novo sistema de financiamento autonómico. Consecuencia do afondamento no principio de corresponsabilidade fiscal, o sistema de cesión de tributos vese afectado de tal maneira que se amplían as competencias normativas das comunidades autónomas nos impostos cedidos sobre patrimonio, sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns; e no que respecta ó imposto sobre a renda das persoas físicas fixo necesario revisa-lo esquema de atribución de competencias como consecuencia da reforma que o devandito tributo sufriu en 1998.

Como xa se apuntou, o novo réxime de cesión de tributos tamén se ve ampliado como consecuencia do xa mencionado afondamento no principio de corresponsabilidade fiscal, no sentido de que se produce a cesión

doutros impostos do Estado, pero directamente ligados á asunción de determinadas competencias na xestión dos servizos sanitarios da Seguridade Social. Estes novos tributos cedidos son: imposto sobre o valor engadido; impostos especiais de fabricación sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre os elaborados do tabaco e sobre os hidrocarburos; imposto sobre a electricidade e imposto especial sobre determinados medios de transporte; e o recentemente creado imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. Non asume competencias normativas respecto a aqueles impostos nos que os imperativos da Unión Europea fan inviable a devandita asunción; estes son, por tanto, o IVE e os impostos especiais de fabricación harmonizados entre os que non se encontran nin o imposto sobre a electricidade (de inminente harmonización) nin, claro está, o imposto especial sobre determinados medios de transporte.

II

Xa que logo, a aprobación do novo sistema de financiamento autonómico fai necesario —en previsión do disposto no artigo 10.2 da LOFCA— volver adecua-lo contido do punto 1 da disposición adicional segunda do Estatuto de autonomía de Aragón ó novo réxime de cesión de tributos; considerando que o punto 2 dela dispón que o contido da devandita disposición se poderá modificar mediante acordo do Goberno coa Comunidade Autónoma, que será tramitado como proxecto de lei, sen que teña a consideración de modificación do estatuto.

Así, o Estatuto de autonomía de Aragón, aprobado pola Lei orgánica 8/1982, de 10 de agosto, modificada por Lei orgánica 5/1996, do 30 de decembro, regula no punto 1 da súa disposición adicional segunda os tributos que se ceden á Comunidade Autónoma de Aragón; sendo redactado, o devandito punto, segundo a Lei 25/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Aragón e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión; recollendo, desta maneira, o réxime de financiamento autonómico do quinquenio 1997-2001, en canto ós tributos cedidos. A devandita Lei 25/1997 derogou, por tanto, a Lei 38/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos á Comunidade Autónoma de Aragón.

A lei que agora se promulga procede a adecua-lo contido da devandita disposición ó novo réxime xeral de tributos cedidos que se contempla na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e procede, así mesmo, a regula-lo réxime específico da devandita cesión á Comunidade Autónoma de Aragón, mediante a adopción das seguintes medidas:

En primeiro lugar, modifícase o contido do punto 1 da disposición adicional segunda do Estatuto de autonomía de Aragón co obxecto de especificar que se lle ceden a esta comunidade autónoma o imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial e co límite do 33 por 100; o imposto sobre o patrimonio; o imposto sobre sucesións e doazóns; o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; os tributos sobre o xogo; o imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial e co límite do 35 por 100; o imposto sobre a cervexa, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre produtos intermedios, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto

sobre alcohois e bebidas derivadas, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre hidrocarburos, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre a electricidade; o imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

En segundo lugar, determínase o alcance e condicións da cesión a esta comunidade autónoma ademais de fixa-la atribución de competencias normativas.

Por último, convén prever un réxime transitorio para a cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

Para todo iso, esta lei recolle, no seu articulado, cada unha destas medidas. Así, o artigo 1 modifica o punto 1 da disposición adicional segunda da Lei orgánica 8/1982, de 10 de agosto, recollendo os tributos obxecto de cesión; o artigo 2 fixa o alcance e condicións da devandita cesión cunha remisión ó que establece a Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e regula, así mesmo, a atribución de competencias normativas nos casos que prevé a referida Lei 21/2001; e a disposición transitoria única prevé o réxime transitorio da cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos con efectos desde o 1 de xaneiro de 2002, se ben a Axencia Estatal de Administración Tributaria continuará coa xestión deles en tanto non se produza o traspaso de servizos adscritos ós ditos tributos. Finalmente, en canto ó réxime derogatorio e entrada en vigor, dispónse a derogación da Lei 25/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Aragón e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión, e dispónse a entrada en vigor da nova lei o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2002.

Por último, a Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Aragón, en sesión plenaria celebrada o 13 de febreiro de 2002, aprobou o acordo de modificación dos tributos cedidos, así como o acordo de fixación do alcance e condicións da devandita cesión.

Artigo 1. *Cesión de tributos.*

Modifícase o parágrafo primeiro do punto 1 da disposición adicional segunda da Lei orgánica 8/1982, de 10 de agosto, de Estatuto de autonomía de Aragón, que queda redactado co seguinte teor:

«1. Cédeselle á Comunidade Autónoma de Aragón, nos termos previstos no punto 3 desta disposición, o rendemento dos seguintes tributos:

- a) imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial, co límite do 33 por 100.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre sucesións e doazóns.
- d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- e) Os tributos sobre o xogo.
- f) O imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial, co límite do 35 por 100.
- g) O imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.

h) O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.

i) O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.

j) O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.

k) O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.

l) O imposto especial sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.

m) O imposto especial sobre a electricidade.

n) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.

ñ) O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.»

Artigo 2. Alcance e condicións da cesión. Atribución de facultades normativas.

1. O alcance e condicións da cesión de tributos á Comunidade Autónoma de Aragón son os establecidos na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

2. De acordo co disposto no artigo 150.1 da Constitución e conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, atribúeselle á Comunidade Autónoma de Aragón a facultade de dictar para si mesma normas lexislativas, nos casos e condicións previstos na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

A Comunidade Autónoma de Aragón remitiralle á Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado os proxectos de normas elaborados como consecuencia do establecido neste punto, antes da aprobación delas.

3. Sen prexuízo das competencias normativas da Comunidade Autónoma no imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos, para colaborar na necesaria homoxeneidade dos procedementos de xestión, liquidación, inspección e recadación, o Estado, de acordo coas comunidades autónomas, poderá establecer con carácter supletorio os aspectos esenciais que deben configurar estes procedementos.

Así mesmo, para facilita-la adecuada aplicación do imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos, a Administración tributaria do Estado, logo de acordo coas correspondentes comunidades autónomas, poderá realiza-las actuacións de inspección en relación con suxeitos pasivos que realicen operacións no ámbito de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición transitoria única. Réxime transitorio da cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

A cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos produce efectos desde o 1 de xaneiro de 2002, se ben as funcións inherentes á xestión deles continuarán sendo exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ata que non se proceda, por instancia da Comunidade Autónoma, ó traspaso dos servicios adscritos ós ditos tributos.

Disposición derogatoria única.

Desde o 1 de xaneiro de 2002 queda derogada a Lei 25/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Aragón e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2002.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

13005 LEI 26/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión. («BOE» 157, do 2-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española dispón, no seu artigo 156.1, que as comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias, consonte os principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre tódolos españois; é dicir, reconece a necesidade de que os devanditos entes territoriais conten con recursos propios para faceren efectivas as súas respectivas competencias como consecuencia da propia configuración do Estado das autonomías. Así, entre os recursos antes citados, encóntranse os impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado tal e como, expresamente, recolle o artigo 157.1.a) do texto constitucional; co mandato, ademais, dunha regulación, mediante lei orgánica, do exercicio das competencias que recolle o punto 1 do artigo 157 citado.

Constitúe, por tanto, a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA) —recentemente modificada pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas—, o marco orgánico xeral polo que se rexerá o réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas. Na referida modificación efectuada na LOFCA incorporouse un novo catálogo de tributos susceptibles de cesión que, se ben non produce variación respecto ós tributos xa